



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Pontevedra (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@pontevedra.gal
www.pontevedra.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

ACTA (2ª) DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE OPERARIO/A DE OBRAS E SERVIZOS PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO, GRUPO V, DO CONCELLO DE PONTECESO.

En Pontevedra, sendo as 10:45 horas do día 12 de marzo de 2025, na Casa do Concello de Pontevedra, reúnese o tribunal que xulga o proceso selectivo para a provisión dunha praza de operario/a de Obras e Servizos, persoal laboral fixo, grupo V, consonte ao establecido nas bases reguladoras aprobadas pola resolución núm. 890/2024, de data 28 de outubro de 2024.

O tribunal foi nomeado pola resolución da Alcaldía núm. 86/2025 de 19-02-2025.

Preside Julia Ures Villar, normalizadora lingüística do Concello de Pontevedra; actúa como secretaria Mª José Sueiro Pose, auxiliar administrativa do Concello de Pontevedra; como vogais asisten Rubén Pérez Coteló, condutor de vehículos de extinción de incendios do Concello de Pontevedra; Alejandro Rodríguez Cruz, condutor de Obras e Servizos do Concello de Pontevedra e Ernesto Fernando Calvo Pérez, arquitecto técnico do Concello de Pontevedra.

Celebrada a primeira fase do proceso selectivo, concurso de méritos, o tribunal na sesión do día 27-02-2025 acordou o seguinte:

“

Realizada a valoración de méritos da fase concurso o tribunal, por unanimidade, outorga as seguintes puntuacións:

FASE CONCURSO (máx. 15 puntos)					
Nº	APELIDOS E NOME	DNI	A) EXPERIENCIA PROFESIONAL (máx. 10 puntos)	B) FORMACIÓN (máx. 5 puntos)	TOTAL (A+B)
1	AMADO MATO, Mª ROCIO	***6146**	6,7	1	7,7
2	CASTRO ANDRADE, FERNANDO	***6597**	0	0	0
3	FIGUEIRAS VIGUERET, JESUS	***6495**	10	2,20	12,20
4	GARCIA PAZ, FRANCISCO JOSE	***2205**	3,8	2	5,8
5	MEL LEMA, ALEJANDRO	***6486**	1,6	1	2,6
6	NEIRA ARROYO, ALEJANDRO YAMANDU	***7725**	0	1,6	1,6
7	PENA NIETO, OSCAR	***1577**	0,6	1,8	2,4
8	PENEDO FONDO, JOSE LUIS	***0178**	1,2	1,2	2,4



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

9	PEREZ VILLAR, MIGUEL ANGEL	***6834**	0	2,4	2,4
10	SOAGE DOVAL, DIONISIO	***4983**	3,7	1	4,7
11	SOUTO BERMUDEZ, MARIA JOSEFA	***1230**	2,98	0	2,98
12	VARELA REIGIA, LUCIANO MODESTO	***5108**	0	0,20	0,20
13	VICENTE FERREIRO, MIGUEL MANUEL	***2633**	0	0	0
14	VILLAR BELLÓN, JUAN JOSE	***3058**	1,18	0	1,18

Rematada a valoración da fase de concurso o tribunal cualificador acorda, por unanimidade, o seguinte:

Primeiro: Publicar esta acta no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal <https://sede.ponteceso.gal/sxc/gl/informacion/> e na páxina web, para os efectos de publicidade e xeral coñecemento, outorgando aos candidatos un prazo de cinco días hábiles (base 7.1.3), aos efectos da presentación de reclamacións ou alegacións polos aspirantes.

Segundo: Convocar aos aspirantes o martes 18 de marzo de 2025, ás 10:30 horas, no salón de Plenos do Concello de Ponteceso, aos efectos de realizar o 1º exercicio da fase de oposición, cuestionario tipo test, consonte á base 7.1.2"

Dáse conta pola secretaria do tribunal da reclamación presentada en tempo e forma e que se corresponde coa seguinte:

- Reclamación presentada o día 05-03-2025 por **Miguel Manuel Vicente Ferreiro**, con DNI ***2633** (R.E. núm. 20250000000216): Alega que non se lle valorou na fase de concurso o tempo traballado para o concello nin os cursos.

O tribunal revisa a alegación, así como toda a documentación presentada polo alegante e resulta o seguinte:

No tocante á **experiencia profesional** a base 7.1.1, apartado a), establece os servizos que se valorarán e a forma da súa acreditación:

"a) *Experiencia profesional:*

- *Experiencia a valorar: Valoraranse os servizos prestados como operario/a, en calquera Administración Pública, e na condición de empregado público (laboral ou funcionario/a). A estes efectos, tomarase sempre como referencia o Informe de Vida Laboral e teranse en conta única e exclusivamente os días traballados que figuren no citado informe, procedendo da forma seguinte: sumaranse os días que se correspondan co tempo traballado nun posto de operario/a e o seu resultado dividirase por 30 (media de días que ten un mes), multiplicando o*



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

resultado desta división por 0,20.

- Forma de acreditación: A experiencia laboral acreditarase mediante a presentación do certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social acompañado dun certificado da Administración Pública de procedencia onde conste, entre outros extremos, a titularidade da praza e o posto desempeñado coas súas datas de inicio e fin. A non presentación de ambos os dous documentos (Vida Laboral + certificado da Administración Pública de procedencia) suporá a non valoración do mérito alegado

O tribunal revisa a reclamación e conclúe o seguinte:

No prazo de presentación de instancias, que comprendeu desde o día 06-12-2024 ao 26-12-2024, o aspirante presentou unicamente a primeira folia da vida laboral que fai referencia ao tempo total traballado.

No prazo de presentacións de alegacións á 1ª acta que valora a fase de concurso, o interesado presenta a vida laboral completa.

Á vista do exposto, o tribunal, de acordo co establecido na base 7.1.1, apartado a), considera incompleta a vida laboral achegada polo aspirante na súa solicitude de participación no proceso selectivo, polo que non se lle pode valorar o mérito alegado xa que é obrigatorio a presentación deste documento, estando correcta a puntuación outorgada inicialmente polo tribunal.

Con respecto á **formación** a base 7.1.1, apartado b), establece os cursos que se valorarán e a puntuación asignada a cada un en función do número de horas:

“b) Cursos de formación e perfeccionamento:

• Cursos a valorar: Valorarase a realización, participación, asistencia e aproveitamento, como alumno/a, de cursos de formación e/ou perfeccionamento impartidos por unha Administración Pública, por unha Universidade, por Colexios Profesionais, Institutos ou Escolas Oficiais, por unha institución sindical, ou privada, sempre que a acción formativa conte coa colaboración ou homologación dunha Administración ou institución de Dereito Público e sempre que se atopen relacionados coa praza á que se opta.

Estarán incluídas, en todo caso, todas as accións formativas realizadas ao amparo dos Acordos de Formación Continua das Administracións Públicas.

Igualmente valorarase dentro da formación continua os cursos realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos de formación continua cuxo contido estea relacionado coas funcións e tarefas propias da praza obxecto da convocatoria aínda que fosen expedidos por entidades privadas.

No caso de que non se especifiquen o número de horas de duración, ou no caso de cursos de



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

duración inferior a 5 horas, non se concederá puntuación ningunha. Tampouco se puntuarán os certificados de asistencia a congresos, charlas, xornadas ou similar estean ou non relacionados co posto de traballo.

Así mesmo, valoraranse os cursos considerados transversais polo seu interese para todos os postos, como os de coñecemento da lingua galega (a excepción dos títulos acreditativos do coñecemento da lingua galega esixidos como requisito para a participación no proceso selectivo do posto ó que se opta), os relacionados coa saúde laboral e prevención de riscos laborais, cos dereitos e deberes dos/as empregados/as públicos, co procedemento administrativo común, coa transparencia, coa igualdade e violencia de xénero, a protección de datos, a atención ao cidadán e habilidades comunicativas e sociais, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral, os idiomas (agás o coñecemento da lingua galega ao tratarse dun requisito non dun mérito) e os de contido ofimática e informática.

- Por cursos de duración comprendida entre 5 e 20 horas: 0,20 puntos.
- Por cursos de duración comprendida entre 21 e 40 horas: 0,40 puntos.
- Por cursos de duración comprendida entre 41 e 60 horas: 0,60 puntos.
- Por cursos de duración comprendida entre 61 e 100 horas: 0,80 puntos.
- Por cursos de máis de 100 horas: 1 punto”

O aspirante acreditou estar en posesión do “Curso básico de protección civil” que non se valora por considerar o tribunal que non se atopa relacionado co posto de traballo e do “Curso de seguridade en el manejo de carretillas elevadoras” que igualmente non se valora por estar impartido por unha empresa privada que non conta coa colaboración ou homologación dunha Administración ou institución de Dereito Público, de conformidade co establecido na base 7.1.1, apartado b.

O tribunal, de acordo coa literalidade das bases, acorda:

1º Desestimar a alegación presentada por Miguel Manuel Vicente Ferreiro o 05-03-2025, con rexistro de entrada núm. 20250000000216 e manter a cualificación outorgada inicialmente ao aspirante.

2º Elevar a definitiva a valoración de méritos da fase concurso, unha vez revisada a alegación presentada.

3º Publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na web municipal, consonte ao establecido nas bases reguladoras.

A presidenta do tribunal dá por finalizada a reunión, sendo as 11:10 horas do día 12 de marzo de 2025, redactándose a presente acta, que asinan dixitalmente os membros do tribunal.